

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 28 DE XUÑO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Balmorta, sendo as 20:01 horas do día vinte e oito de xuño de dous mil doce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Cofeñida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día 26/04/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o

Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno da Corporación por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día 26/04/2012.

2.- APROBACIÓN ACORDO MUNICIPAL REGULADOR DE PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVICIOS DE PISCINA E XIMNASIO MUNICIPAIS

Pola inmediata apertura dos servizos afectados sométese a aceptación da urxencia deste punto sen ditaminar e acéptase por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros dita urxencia procedendo a Secretaria á lectura da proposta relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA MUNICIPAL APROBACIÓN ACORDO MUNICIPAL REGULADOR DE PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVICIOS DE PISCINA E XIMNASIO MUNICIPAL

Vista a necesidade de regular prezos públicos polas actividades e servizos da piscina municipal e do ximnasio.

Tendo en conta o informe de secretaria intervención de data 25/06/2012 que consta no expediente.

Propoño que o Pleno municipal acepte o tratamento deste punto na orde do día por estar sen dictaminar pola Comisión informativa permanente especial de contas e logo aprobe o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Sendo necesario a do acordo municipal regulador dos prezos públicos pola prestación dos servizos e actividades da piscina municipal descuberta e do ximnasio municipal aprobar acordo municipal regulador de prezos públicos para a piscina e o ximnasio municipal anexo a esta proposición .

SEGUNDO.- Procederase a inserir no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiros de edictos da Corporación a nova normativa reguladora dos prezos públicos polos servizos de piscina e ximnasio municipais para a súa entrada en vigor

ANEXO

.....

Di o Alcalde que xa hai falta de subvencións doutras administracións e para manter os servizos é necesario empezar a cobralos inda que de maneira simbólica e establecido así por lei. Sinala que inda que hai socorristas subvencionados non se da cobertura a outros gastos de piscina e do novo servizo de ximnasio municipal de consumos, reparacións.

Pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas se este ano están xa os socorristas e resposta o Alcalde que si que hai dous un subvencionado pola Xunta e outro pola Deputación .

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e cinco votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Sendo necesario a do acordo municipal regulador dos prezos públicos pola prestación dos servizos e actividades da piscina municipal descuberta e do ximnasio municipal aprobar acordo municipal regulador de prezos públicos para a piscina e o ximnasio municipal anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- Procederase a inserir no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiros de editos da Corporación a nova normativa reguladora dos prezos públicos polos servizos de piscina e ximnasio municipais para a súa entrada en vigor

ANEXO

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA E O XIMNASIO MUNICIPAL

1.- Fundamento e concepto.

No uso das facultades conferidas polos artigos 2.1 apartado e, e 127 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Boimorto poderá establecer e esixir prezos públicos que se regularán polo disposto nos artigos 41 e 47 do citado texto refundido, pola Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos e polo preceptuado na presente ordenanza.

O obxecto deste acordo é desenvolver a normativa ámbito e procedementos de esixencia dos prezos públicos por utilización dos servizos de piscina municipal descuberta así como ximnasio, polo que a actividade obxecto do presente prezo público está constituída pola prestación de servizos e realización de actividades na piscina municipal descuberta de Boimorto e no ximnasio municipal, así como a utilización das instalacións municipais dedicadas especificamente á prestación dos ditos servizos, considerando estes prezos públicos como contraprestación pecuniarias que se satisfagan pola prestación destes servizos .

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público os/as que soliciten, utilicen ou se beneficien da prestación dos servizos prestados na piscina municipal ximnasio ou das súas instalacións. No caso de que os/as beneficiarios/as sexan menores de idade e/ou incapacitados/as, considerarase suxeito obrigado ao pagamento aos pais/nais ou titores/as.

A obriga de pagamento nace dende que se inicie a prestación dos servizos non aplicándose prorratas as cotas de socio para un ou os dos servizos por solicitarse a mediados da mensuralidade o u por darse baixas antes do fin do ano, ou tempada na piscina municipal

3.- Contía.

O importe dos prezos públicos será de:

3.1. Carné familiar de socios tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal para todo o ano (ata 31/12 de cada anualidade) para ximnasio e piscina incluíndo tódolos membros da unidade familiar con fillos ata 18 anos cumpridos (inda que na anualidade se supere esta idade): **20,00 €.**

3.2. Carné individual socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal para todo o ano (ata 31/12 de cada anualidade): **10,00 €.**

3.3 Entrada individual tempada de piscina:

- Menores de 18 anos (incluídos os 18 anos): **0,50 €.**
- Adultos: **1 €.**

3.4 . Cursos de natación

- Menores: **8,00 €.**
- Adultos (18 ou máis anos): **15,00 €.**

O abono da tarifa por curso non dará dereito ao uso das instalacións da piscina durante o curso correspondente tendo que pagar prezo público cada asistente ó curso polo desfrute da/s instalación/s.

4.- Normas de xestión.

A obriga de pagamento do prezo público nace no momento no que se solicite a prestación do/s servizo/s devengándose toda a mensuralidade sen prorrateo .

No caso de entradas puntuais deberá facerse o ingreso con carácter previo á entrada nas instalacións.

Nos demais casos no momento da solicitude do servizo.

O pagamento realizarase no momento de obtención do/s carné/s, coa compra da entrada/s individual/is ou coa inscrición no/s curso/s de natación.

5.- Devolución de ingresos

5.1 Unicamente procederá devolución do importe total ou parcial destes prezo/s público/s ingresado/s cando o/s servizo/s ou actividade/s gravada/s non se presten ou desenvolvan por causas non imputables ó interesado.

5.2 O importe da devolución será parcial e proporcional ao tempo, intensidade ou factor determinante do grao de realización da prestación, ou ben total cando non tivese nacido a obriga de pagamento.

5.3 En caso ningún procederase á devolución dos ingresos realizados por faltas de asistencia dos interesados por razóns alleas ó Concello de Boimorto nin cando non se comunique ao Concello de ser o caso á baixa na actividade , antes do seu inicio .

6.- Recursos

Contra os acordos de establecemento, modificación e fixación destes prezos públicos, así como contra os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección, deberá interpoñerse o recurso de reposición especificamente previsto a tal efecto no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

7.- Disposicións finais

7.1 Para o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989 de 13 de abril de taxas e prezos públicos, na Lei 47/2003 de 26 de novembro, xeral orzamentaria no Real decreto 939/2005 de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación e demais normativa que a complementa ou substitúa.

7.2 O presente acordo, unha vez aprobada polo Pleno municipal, entrará en vigor logo de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e pasado o prazo o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 do citado corpo legal permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN PREZO PÚBLICO AXUDA A DOMICILIO

Pola necesidade de adaptación á normativa da Xunta sométese pola Alcaldía a aceptación da urxencia deste punto sen dictaminar e acéptase por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros dita urxencia procedendo a Secretaría á lectura da proposición relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

Visto a necesidade de adaptación do acordo municipal nº 12 regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Visto expediente tramitado para a aprobación destas modificacións no acordo antedito .Visto informe de secretaría de data 23/04/2012.

Propoño previa aceptación da urxencia deste acordo sen dictaminar pola Comisión informativa por non estar listo o expediente para dito dictame e ante as necesidades de adaptación á normativa vixente, que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal nº 12 regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que na súa consecuencia, se aprobe inicialmente a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

.....

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e cinco votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal nº 12 regulador do prezo público p ola prestación do servizo de axuda a domicilio ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que na súa consecuencia, se aprobe inicialmente a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL Nº 12 REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

2.- OBRIGADOS Ó PAGO USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o **servizo de axuda no fogar** que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións as persoas ou familias no seu domicilios, dende unha perspectiva integral e normalizadora para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte recurso idóneo.

2.- **Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no parágrafo anterior:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3.-BASE IMPONIBLE:

Ós efectos previstos para aplicación das tarifas que a continuación se sinalan, se establece o prezo da hora por prestación do servizo en 12 euros/hora, revisable potestativamente segundo resolva a Alcaldía Presidencia anualmente segundo o índice de prezos ó consumo que fixe o Goberno.

3.1 Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

3.1.1. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
Nivel I	Nivel II		Nivel II		Nivel II □	
	Nivel I		Nivel I			
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas

Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.1.2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3.1.3. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

3.2. Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006 aplicarase a seguinte táboa:

<p>Capacidade económica</p>	<p>P a r t i c i p a c i ó n n o c u s t e d o s e r v</p>
------------------------------------	--

	i z o d e S A D b á s i c o
Menor do 0,80 do IPREM	0€
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	3€
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	5€
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	8,4€
Maior de 2,5	10,8€

3.2.1 Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.3.-De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso os ingresos recadados en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo deste servizo social comunitario estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

4.- CONDICIÓN DE PAGO:

As liquidacións de prezos practícaranse por meses naturais, facéndose o aboamento por domiciliación, na caixa da corporación ou nas distintas contas abertas pola corporación en entidades financeiras con sucursal no termo municipal.

a) Os abonos mensuais das cotas de cofinanciación realizaranse preferentemente mediante unha domiciliación bancaria previa autorización do usuario. Se estes pagos non se puidesen facer efectivos por calquera motivo -inexistencia de fondos ou outros-, o beneficiario do servizo será apercibido de inmediato, responsabilizándose dos gastos que isto ocasione. Se é reincidente, e tras valora-lo caso, causará baixa no Servizo de Axuda a Domicilio sen dereito a reserva da súa praza pasará a engrosa-la lista de espera.

b) Si existise un motivo suficientemente xustificado, e tras unha valoración previa, poderá eximirse ó beneficiario do pago mediante domiciliación, ocupándose o mesmo do pago directo na entidade bancaria nun prazo convenientemente fixado.

c) Cando un usuario vaia a estar ausente do seu domicilio terá que comunicalo ó Departamento de Servizos sociais sexa cal sexa a causa, se a ausencia supera a mensualidade deixará de ser beneficiario do servizo, sen prexuízo de reserva de praza cando a ausencia foi motivada por motivos de hospitalización.

d) Se a algún dos beneficiarios non se lle prestara o servizo por causas non imputables a él mesmo, léase por ausencia da traballadora familiar ou outros inconvenientes derivados da organización interna do servizo, terá dereito a un desconto proporcional ó tempo que estivo sen atender á hora de abona-la cota mensual.

5.- EXENCIÓNS:

De conformidade co artigo 44.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentas do pago do prezo público os beneficiarios seguintes:

a) **As persoas que residan soas nun domicilio con ingresos precedentes da percepción de pensións de contía inferior á pensión mínima de xubilación da Seguridade Social.(tamén estarán exentos os beneficiarios da Pensión non contributiva).**

b) **Previo acordo plenario persoas, cónxuxes e familias por razóns motivadas de emerxencia social previo informe dos servizos sociais do Concello de Boimorto.**

6.- NORMAS DE XESTIÓN:

7.- OBRIGA DE PAGAMENTO:

Disposición derogatoria

Queda sen efectos o acordo municipal plenario regulador do prezo público do servizo de axuda no fogar publicado no BOP N° 152 de 07-07-2009 e no BOP n°230 de 2 de decembro de 2011 no que contradigan esta modificación .

Disposición final.

O presente acordo que modifica o prezo público polo servizo de axuda a domicilio, foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 28/6/2012, entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE RÉXIMO INTERIOR DE VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DE VOLUNTARIADO

Visto a necesidade de aprobación dun Regulamento de réxime creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto (A Coruña) e o expediente tramitado a tal efecto.

Visto o informe de secretaria intervención de data 25/06/2012 a este expediente.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Sendo necesaria aprobación dun Regulamento de réxime interior de voluntariado do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Boimorto o 25 de xuño de 2012

O Alcalde

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez

ANEXO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DE VOLUNTARIADO

.....

Di o Alcalde que necesitase este regulamento para funcionamento do voluntariado en Boimorto e para poder optar á subvencións da Xunta relacionadas co voluntariado.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e cinco abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Sendo necesaria aprobación dun Regulamento de réxime interior de voluntariado do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno

Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DE VOLUNTARIADO

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten como finalidade establecer o réxime e funcionamento interno das actividades de voluntariado do concello de Boimorto determinando o procedemento de incorporación e desvinculación dos voluntarios/as aos programas e actuacións, a súa formación e forma de coordinación.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación a toda a actividade de voluntariado que se desenvolva en relación co Concello de Boimorto.

Tamén será de aplicación ás actuacións de acción voluntaria realizadas polo Concello de Boimorto que desenvolvan programas de interese xeral no ámbito das súas competencias.

Artigo 3. Concepto de acción voluntaria

1- Enténdese por voluntariado ao conxunto de actividades dirixidas á satisfacción de áreas de interese xeral, desenvolvidas por persoas físicas, a través de entidades públicas ou privadas inscritas no rexistro de asociacións de voluntariado sen ánimo de lucro debidamente organizadas, sempre que se realicen nas seguintes condicións:

- a) Que teñan un carácter continuado, altruista, responsable e solidario.
- b) Que a súa realización sexa voluntaria e libre, sen que teñan causa nunha obriga persoal ou deber xurídico.
- c) Que se realicen fora do ámbito dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- d) Que se realicen sen ningún tipo de contraprestación económica, sen perxucio do dereito ao reembolso dos gastos que a actividade realizada poidera ocasionar.
- e) Que se desenvolvan en función de programas ou proxectos concretos, de interese xeral.

2- Non terán a consideración de acción voluntaria, a efectos do presente regulamento:

- a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea
- b) As consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.

c) As que sexan prestadas ao marxe desta entidade de acción voluntaria, de modo aillado ou esporádico.

d) As promovidas para a consecución de beneficio económico ou intereses propios.

e) As desenvoltas a consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcional de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais nas entidades de acción voluntaria excepto cando quenes as leven a cabo conserven a condición de persoas voluntarias e as desenvolvan en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación polas mesmas.

3- A acción voluntaria non poderá, en ningún caso, substituír ás prestacións a que estén obrigado o concello de Boimorto, a traballo remunerado ou á prestación de servizos profesionais retribuídos.

Artigo 4. Principios orientadores da acción voluntaria

A acción voluntaria desenvolverase conforme aos principios de:

a) Participación, promovendo o desenvolvemento dun entramado asociativo propio, dende o pleno recoñecemento da autonomía funcional ao pluralismo da propia acción voluntaria.

b) Implicación e participación da cidadanía na consecución dos intereses públicos.

c) Solidaridade, altruismo e gratuidade da acción que se desenvolva, excluíndose a procura e o aproveitamento dun beneficio material.

d) Liberdade persoal e respecto ao pluralismo e ás opcións persoais das persoas voluntarias e as persoas destinatarias da súa acción.

e) Colaboración e complementariedade entre as entidades de acción voluntaria e as administracións públicas, sempre e cando se respecte o establecido no apartado tres do artigo 3.

Artigo 5. Normas xerais de funcionamento

O servizo de voluntariado do concello de Boimorto estará composto por unha directora, que será a axente de emprego e desenvolvemento local, e dous coordinadores, a asistente social e o encargado de servizos.

As funcións a desenvolver pola directora son:

- Informar e representar ao voluntariado
 - Mediar entre a entidade e os coordinadores
 - Levar a cabo o seguimento do voluntariado
 - Asignar tarefas e funcións aos coordinadores

As funcións dos coordinadores son:

- Cantar e orientar ás persoas voluntarias

- Informar e representar ao voluntariado
- Mediar entre a directora e o voluntariado
- Dar cohesión e estabilidade ao equipo de persoas voluntarias
- Levar a cabo o seguimento do voluntariado
- Asignar tarefas e funcións ao voluntariado
- Coidar e motivar ao equipo

Artigo 6. Sectores da actuación voluntaria

1- A acción voluntaria poderá desenvolverse en todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúen a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social.

2- A efectos do presente regulamento, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas co acompañamento a persoas con dificultades de mobilidade, apoio social e escolar, formación en cursos básicos e específicos, e formación concreta en temas medioambientais, dinamización e animación dos centros da terceira idade, respiro familiar de cuidadores de enfermos crónicos, apoio aos usuarios do servizo de axuda no fogar, colaboración na oferta cultural e deportiva municipal, programas de sensibilización e participación social, fomento e dinamización do tecido asociativo municipal, turismo e desenvolvemento do Camiño Norte, e fomento da acción voluntaria ademais de todas aquelas outras que, axustándose ao disposto na presente proposta de regulamento, poidan contribuir á consecución dos principios da acción voluntaria.

3- A acción voluntaria organizada non poderá, en ningún caso, substituír a actividades que estén sendo desenvolvidas por medio do traballo remunerado ou servir para eximir a esta administración pública de garantir á cidadanía prestacións ou servizos que esta teña recoñecidos como dereitos fronte a aquelas.

Artigo 7. Dereitos da persoa voluntaria

As persoas voluntarias teñen dereito a:

- a) Ser tratadas sin ningún tipo de discriminación repetando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguridade, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
- d) Recibir da entidade de acción voluntaria información, formación, asesoramento e apoio técnico, así coma os medios materiais que requira o exercicio das actividades e cometidos que se lles asignen.

- e) Participar activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, de conformidade cos seus estatutos, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas nos que participen.
- f) Acordar libremente coa entidade de acción voluntaria Concello de Boimorto o contido e condicións da súa actividade voluntaria o ámbito de actuación, a definición dos cometidos, o tempo e horario de adicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades a asumir, podendo variar as súas características se as circunstancias da entidade o permitisen.
- g) Estar aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perxuízos causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos, previamente, acordados coa entidade.
- i) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, nas que se expresen a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que dito certificado sexa remitido ao Rexistro de Acción Voluntaria a efectos de poder acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- x) Obter o cambio do programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- k) Renunciar libremente, previo aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 8. Deberes da persoa voluntaria

As persoas voluntarias están obrigadas a :

- a) Realizar a súa actividade conforme aos principios establecidos no regulamento.
- b) Observar as medidas de saúde e seguridade que se teñan adoptado.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria , realizando a actividade de conformidade coas normas e principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade na que participa e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e obxectivos que se leven a cabo.
- e) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento axeitado da acción voluntaria.
- f) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias con quen colaboren.

- g) Cumplir os compromisos adquiridos coa entidade na que se integran, respetando os fins, obxectivos e normativa interna.
- h) Rexeitar calquer contraprestación que poideran recibir pola súa actividade.
- i) Empregar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integran, así como proceder á súa devolución cando finalicen a actividade.
- x) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- k) Notificar á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, en orde a que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar perxuicios para a actividade na que participen.
- l) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

Artigo 9. Dereitos do Concello de Boimorto como Entidade de Acción Voluntaria

O Concello de Boimorto como Entidade de Acción Voluntaria ten dereito a:

- a) Elaborar as súas propias normas de funcionamento interno atendendo a principios democráticos e participativos.
- b) Seleccionar ás persoas voluntarias de acordo coa natureza e características do cometido a desenvolver e de acordo coas normas establecidas no estatuto de funcionamento interno.
- c) Suspender a colaboración das persoas voluntarias que infrinxan o seu compromiso.
- d) Concurrir ás medidas de fomento da actividade voluntaria efectuadas polas administracións públicas ou entidades privadas.
- e) Calquera outro dereito recoñecido polo resto do ordenamento xurídico referidos á acción voluntaria.

Artigo 10. Obrigas do Concello como Entidade de Acción Voluntaria

O Concello de Boimorto como Entidade de Acción Voluntaria está obrigado a:

- a) Elaborar e aprobar o seu regulamento interno de acción voluntaria, no que se indicarán as condicións específicas de admisión e a perda da condición de persoa voluntaria, os dereitos e deberes desta, os mecanismos para a súa participación na entidade e os principios que rexirán as relacións entre esta e aquela.
- b) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e o réxime e funcionamento da entidade de acción voluntaria.
- c) Cubrir os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Impedir que se reemplacen, a través das actividades que realicen as persoas voluntarias, postos de traballo que terían que ser retribuídos.

- e) Cumplir os acordos establecidos coas persoas voluntarias no seu compromiso de colaboración.
- f) Facilitar ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- g) Expedir, previa solicitude da persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria, indicando as datas, duración e prestación efectuada nos programas nos que participou. A petición da persoa interesada, e previa autorización de cesión dos seus datos persoais, unha copia desta certificación remitirase ao Rexistro de Acción Voluntaria.
- h) Garantir ás persoas voluntarias a realización das súas actividades en debidas condicións de hixiene e seguridade, en función da súa natureza e características, así como o establecemento das pertinentes medidas de prevención de riscos.
- i) Suscribir unha póliza de seguros que cubra ás persoas voluntarias dos riscos de accidentes derivados do desenvolvemento da actividade voluntaria, así coma a terceiros polos danos e perxuízos eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio de dita actividade.
- x) Facilitar a participación das persoas voluntarias na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñan.
- K) Redactar anualmente unha memoria e un plan de actividades co contido que se estableza regulamentariamente.
- l) Levar un libro-rexistro interno de altas, baixas e outras incidencias nas que poidan atoparse as persoas voluntarias, especificándose os programas e proxectos nos que colaboran e a natureza das actividades que desenvolven.
- m) Garantir a información, orientación, formación e asesoramento axeitado das persoas voluntarias que colaboren coas entidades para conquistar a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios necesarios.
- n) Promover a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a implicación da sociedade galega, compartindo actuacións en programas e proxectos con outras entidades de acción voluntaria.
- ñ) Efectuar o seguimento e avaliación nas actividades programadas, velando porque a actuación programada se execute nos termos previamente acordados.
- o) Cumprir as restantes obrigas que se deriven do establecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 11. Incumprimento de fins e obrigas.

O incumprimento reiterado polo Concello de Boimorto como entidade de acción voluntaria dos seus fins e obrigas ou de outras disposicións do presente regulamento, verificado polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia mediante expediente contradictorio, poderá determinar:

- a) A baixa no Rexistro de Acción Voluntaria.

- b) A revocación das axudas percibidas, según o disposto na normativa de subvencións.
- c) A resolución de calquer convenio celebrado coas administracións públicas para a execución de programas e proxectos en atención aos termos suscritos no mesmo.
- d) Ao cese, no seu caso, da persoa representante da entidade como membro do Consello Galego de Acción Voluntaria.

Artigo 12. Compromiso de colaboración.

1. As relacións entre as persoas voluntarias e o Concello como entidade de acción voluntaria terán que formalizarse por escrito, mediante o correspondiente compromiso de colaboración.
2. Este compromiso terá, coma mínimo, o seguinte contido:

prometa a realizar a persoa voluntaria.

deñará a súa actividade.

ntaria se compromete a realizar, así coma o tempo de adicación e a duración do compromiso.

idade a súa renuncia ao compromiso.

s específicas.

luntaria.

desempeño da actividade de acción voluntaria.

tidade de acción voluntaria na que colabora. Para acordar a exclusión será sempre necesario seguir un procedemento

Serán en todo caso causas de exclusión, tanto para as persoas voluntarias como para o Concello como entidade de acción voluntaria en que colaboran, as contidas no presente regulamento e os deberes contemplados na mesma, así coma a actuación contraria aos seus principios orientadores, particularmente, o incumplimento dos termos acordados no compromiso de incorporación, cando sexan graves ou reiterados e non xustificados.

Artigo 13. Acreditación identificativa.

A acreditación da condición de persoa voluntaria será expedida polo Concello como entidade de acción voluntaria e conterá, como mínimo, os datos persoales e identificativos de aquela e desta, e a denominación do programa no que se desenvolve a actividade voluntaria.

Artigo 14. Pólizas de seguro.

O Concello suscribirá unha póliza de seguro que cubrirá os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións coma os accidentes que poidan sufrir, cando estas participen en programas ou proxectos que sexan organizados polo Concello.

Artigo 15. Réxime xurídico aplicable á resolución de conflitos

Os conflitos que poidan xurdir entre as persoas voluntarias e o Concello como entidade de acción voluntaria no exercicio das actividades a que fai referencia o presente regulamento serán dirimidos pola xurisdicción competente con arranxo ao establecido na normativa vixente.

Artigo 16. Concepto de persoa destinataria da acción voluntaria.

A efectos do presente regulamento, terán a consideración de persoas destinatarias da acción voluntaria todas as persoas físicas e/ou grupos ou comunidades en que se integran, para as que o desenvolvemento da acción voluntaria poida representar unha mellora das súas condicións e calidade de vida, a satisfacción das súas necesidades, a defensa dos seus dereitos ou, en todo caso, un beneficio social.

Artigo 17. Dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria

As persoas destinatarias da acción voluntaria teñen os seguintes dereitos:

- a) A que se garantice a súa dignidade e intimidade persoal e familiar así como a protección dos datos de carácter persoal na execución dos programas de acción voluntaria.
- b) A recibir unha acción voluntaria de calidade, que se desenvolva de acordo con programas ou proxectos que garanticen a calidade das actuacións.
- c) A solicitar a substitución da persoa voluntaria asignada, cando existan causas que así o xustificaran e no caso de que a entidade poida atender a súa petición. Asimismo, se poderá prescindir, en calquer caso e momento, da acción voluntaria mediante renuncia escrita ou calquer outro procedemento que deixe constancia da súa decisión.
- d) A colaborar na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida.
- e) A solicitar a intervención da entidade de acción voluntaria para a resolución das cuestións ou conflitos xurdidos coas persoas voluntarias integrantes de esta.
- f) A que os programas de acción voluntaria non supoñan na súa execución inxerencia algunha sobre as liberdades constitucionalmente recoñecidas e, en particular, sobre as liberdades ideolóxica, política e relixiosa e de culto.
- g) A recibir información sobre os programas ou proxectos e sobre as actuacións das que sexan destinatarias, tanto con carácter previo ao seu inicio coma durante a súa execución.
- h) Os demais dereitos recoñecidos no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 18. Deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Cando a acción voluntaria se dirixa a unha persoa destinataria individualizada, esta, ao aceptala, asumirá os seguintes deberes:

- a) Colaborar coas persoas voluntarias , respetar e facilitar o seu labor, na medida que sexa posible, na execución dos programas dos que se beneficia.
- b) Non ofrecer ás persoas voluntarias ou entidades contraprestación pola acción voluntaria levada a cabo.
- c) No caso de prescindir dos servizos dun determinado programa de acción voluntaria, notificalo coa antelación suficiente para evitar perxuicios ao mesmo.
- d) Non esixir á persoa voluntaria actuacións que non correspondan á natureza da acción voluntaria, debendo observar as instrucións que se establezan para o axeitado desenvolvemento da acción voluntaria.
- e) Os demais deberes que se deriven da normativa de aplicación.

Artigo 19. Competencias do Concello de Boimorto como entidade local de Galicia.

Corresponden o Concello de Boimorto como entidade local galega as seguintes competencias :

- a) Promover a acción voluntaria nos seus respectivos termos municipais, así como fomentar a participación da cidadanía.
- b) Articular os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local.
- c) Ofertar a información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade ás actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria.
- d) Fomentar a coordinación entre as diversas entidades de acción voluntaria, así como no resto de administracións que concurran no termo municipal.
- e) Promover a creación de oficinas municipais de acción voluntaria.
- f) Establecer os criterios de distribución dos recursos propios, así como conceder axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.
- g) Informar ao órgano competente en materia de acción voluntaria da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das accións realizadas ou que vaian realizarse no seu ámbito para garantir a colaboración entre as administracións públicas.

Artigo 20. Accións de fomento da acción voluntaria.

1. O Concello de Boimorto como Administración públicas de Galicia, por si mesmas ou en colaboración con outras entidades de acción voluntaria, promoverá o coñecemento público das actividades de acción voluntaria a fin de lograr o recoñecemento social das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria.
2. O Concello de Boimorto poderá desenvolver as accións necesarias para:

ñan accións integrais ou que favorezan a colaboración entre entidades.

a e a colaboración entre entidades para a súa realización.

tarias.

menor índice de representación no ámbito da acción voluntaria ou que teñan dificultades de incorporación á mesma e
rsoas con discapacidade, as minorías étnicas, a poboación inmigrante, os xóvenes tutelados, as persoas sin teito e as

o seu pluralismo, e facilitando a participación e interlocución e a posta en comun de recursos e medios entre as

ou proxectos de ámbito superior ao autonómico.

uyan ao mellor coñecemento das necesidades, recursos e actuacións en materia de acción voluntaria.

que teñan relación coa materia da acción voluntaria.

cional do voluntariado.

postos na materia, promovendo a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 21. Incentivos e apoios a entidades e persoas voluntarias.

1. O Concello de Boimorto como administración pública de Galicia poderá financiar programas ou proxectos de acción voluntaria directamente con cargo aos seus propios presupostos , poderá tamén outorgar subvencións , sempre que se cumpran as seguintes condicións:

tidades de acción voluntaria.

da.

ministrativas de outorgamento, de conformidade coa lexislación vixente en materia de subvencións.

Artigo 22. Fomento da formación

1. A formación das persoas voluntarias se realizará por persoas de recoñecida competencia vinculadas preferentemente coa xestión da acción voluntaria.

1. As persoas voluntarias que participen en programas ou proxectos de acción voluntaria terán que adquirir a formación necesaria de conformidade co que se estableza no programa de formación da acción voluntaria.
2. Impulsarase o labor das persoas xestoras da acción voluntaria, que son aqueles/as técnicos que teñen por obxecto coordinar a acción voluntaria e orientar, de modo individual ou en grupo, á persoa voluntarioa sobre o proxecto no que participará, de acordo co seu perfil, disponibilidad e preferencias, tendo ademáis en conta as necesidades da entidade e a sociedade en cada momento.

Artigo 23. Fomento da acción voluntaria corporativa.

Se promoverá a acción voluntaria corporativa, que é aquela que se desenvolve por empresas no entorno económico e social da súa actividade mediante a adrción dos traballadores/as das mesmas que, de modo totalmente libre , desinteresado, altruista e solidadio, decidan contribuir á realización de programas e proxectos de acción voluntaria promovidos por esas empresas a través de entidades de acción voluntaria preexistentes ou de nova creación.

Artigo 24. Instrumentos de planificación.

As actividades de acción voluntaria se planificarán mediante os plans e proxectos elaborados polas entidades de acción voluntaria.

Artigo 25. Plans e proxectos de acción voluntaria.

1. Para os efectos deste regulamento, enténdese por plan de acción voluntaria o instrumento a través do cal se desenvolve e concreta a planificación elaborada pola entidade de acción voluntaria.
2. Teñen a consideración de proxectos de acción voluntaria os instrumentos de execución dun plan.

Artigo 26. Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

O Concello de Boimorto como entidade de acción voluntaria estará inscrito no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia có identificativos L 226.

1. A falta de respecto aos usuarios dos Servizos e persoas que se atopen con él por motivos xustificadas.
2. O descuido ou negligencia nas actividades encomendadas.
3. Promover e orixinar altercados violentos.

1. A reiteración de faltas leves (a partir da segunda falta leve).

1. O menosprecio manifesto e as injurias ou calumnias respecto ás persoas que intervieñen nas actividades

2. Producir danos graves, intencionados ou por negligencia.

3. Realizar actividades con fins lucrativos.

4. Actuar fraudulentamente en perxuizo dos usuarios e demais voluntarios.

1. A reiteración de faltas graves (a partir da segunda falta grave).

2. As agresións físicas ás persoas que se atopen involucradas nas actividades.

1. Amonestación verbal privada.

2. Amonestación individual por escrito.

Prohibición da realización de actividades de voluntariado na entidade por un periodo non superior a 3 meses.

1. Prohibición da realización de actividades de voluntariado por un periodo entre 3 meses e 1 ano.

2. Perda definitiva da condición de voluntario.

3.- Condicións para o reingreso.

|

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integralmente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.- REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto a necesidade de aprobación dun Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto (A Coruña) e o expediente tramitado a tal efecto.

Visto o informe de secretaria intervención de data 25/06/2012 a este expediente.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal dun Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

.....

Di o Alcalde que é necesario o cumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter persoal máis agora polo volume de documentación que se manexa no Concello e datos que teñen que ser protexidos.

Sen máis intervencións con 11 votos a favor por unanimidade de tódolos concelleiros de tódolos grupos municipais o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal dun Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1.–Obxecto e ámbito.

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Boimorto e que se relacionan no anexo I da presente ordenanza.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, ao órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.–Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Boimorto é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4.–Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcalde.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.–Cesión de datos.

Aplicase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.–Medidas de seguridade.

1. O Concello de Boimorto implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Boimorto velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.–Dereito de información na recollida de datos.

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

Artigo 8.–Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación autorizándose polo Pleno a adaptación dos ficheiros do seu contido e datos por decreto da Alcaldía así como a refundición separación ou

creación de novos ficheiros, decreto do que deberá darse conta o Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

ANEXO I DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO.

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “Agentes de promoción económica” e “Participantes en acciónes de promoción de emprego”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións. Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Axentes de emprego contratados polo Concello. Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico. Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax email). ;datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia) Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes de promoción económica e a persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: “Usuarios dos servizos de urbanismo”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos persoais para realizar as funcións correspondentes do ámbito urbanístico e administrativos, xestión e tramitación de expedientes e informes .

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadáns e outros colectivos interesados en asuntos de competencia municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola persoa asesorada ou participante, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos e relativos a infraccións administrativas (nome, apelidos, DNI/NIF, enderezo, teléfono, email, sinatura, sexo nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, económico, financeiro e de seguros).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderánse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia e a interesados nos expedientes e solicitantes de datos .

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarase pola administrativa / colaborador/a do servizo de urbanismo .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os servizos administrativos municipais, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO C

NOME DO FICHEIRO: “Usuarios dos servizos sociais municipais incluíndo centro de maiores, miniresidencia centro de día, PAI e servizos de podoloxía e fisioterapia e axuda a domicilio así como tódolos programas de benestar social e o sistema informático de usuarios de servizos sociais ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas usuarias destes servizos. Elaborar unha base de datos das persoas solicitantes de prazas no PAI.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas empadroadas ou residentes no Concello calquera persoa interesada nos servizos e programas anteditos. Solicitantes para usar os servizos do PAI.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola persoa interesada ou participante, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (nome, apelidos, DNI/NIF, N° da seguridade social, enderezo, teléfono, email, sinatura, sexo nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, económico, financeiro e de seguros, estado civil, data de nacemento sexo nacionalidade, domicilio postal mail,) circunstancias sociais, académicas e profesionais, detalles económicos, transaccións de bens e servizos, violencia de xénero, saúde , imaxe , orientación sexual , relixioso e racial.

Datos persoais (DNI/NIF ,nome a apelidos dos solicitantes, números de teléfono, enderezo , filiación , niveis de renda, lugar , horario e posto de traballo, número da seguridade social e conta bancaria , situación familiar, servizos socilitados, datos da unidade familiar e outros necesarios para poder ser receptor dos servizos do PAI.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderánse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia e a interesados nos expedientes e solicitantes de datos , estando incluídas nas mesmas centros escolares, xulgados outros concellos, corpos de seguridade do estado e poder xudicial.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase,

conservarase e actualizárase polos responsables dos servizos sociais municipais (traballadora social e técnica en intervención familiar psicóloga) .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os traballadores responsables dos servizos sociais , serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

ANEXO I. FICHEIRO D

NOME DO FICHEIRO: “Usuarios do servizo de rexistro municipal ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos necesarios para o rexistro de documentos administrativos, contables e fiscais do Concello, rexistro de matrimonios e parellas de feito e de animais potencialmente perigosos .

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadáns ou outors colectivos interesados en asuntos de competencia municipal .

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obtéranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesada ou participante, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal, administracións públicas , rexistros públicos, fontes accesibles ao público e outras persoas distintas do interesado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais identificativos (nome, apelidos, DNI/NIF, dirección teléfono nº rexistro, características persoais e circunstancias sociais)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderánse transferir e o Rexistro Civil de ser de matrimonios civís e parellas de feito.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservárase e actualizárase polo responsable do rexistro municipal .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

O responsable do servizo de rexistro municipal , será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico

ANEXO I. FICHEIRO E

NOME DO FICHEIRO: “Usuarios dos servizos municipais actividades deportivas culturais e subvencións”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos de carácter persoal das persoas usuarias das actividades dos servizos municipais deportivos, culturais extraescolares , formativos e dos perceptores de subvencións municipais.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoas empadroadas ou residentes no Concello calquera persoa interesada nos servizos anteditos.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola persoa interesada ou participante nas actividades destes servizos , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (nome, apelidos, DNI/NIF, N° da seguridade social, enderezo, teléfono, email, sinatura, sexo nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, económico, financeiro e de seguros, estado civil, data de nacemento sexo nacionalidade, domicilio postal mail,) circunstancias sociais, académicas e profesionais, económicas e de saúde , violencia de xénero, saúde , imaxe datos sanitarios e médicos

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderánse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia e as empresas privadas que xestionen actividades organizadas polo Concello de Boimorto.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos responsables dos servizos municipais (deportivos e culturais e administrativos) .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os traballadores responsables dos servizos deportivos e culturais , serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

ANEXO I. FICHEIRO F

NOME DO FICHEIRO: “Servizo de nóminas ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos de carácter persoal e laboral do persoal funcionario ou laboral que traballa no Concello de Boimorto.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Persoal funcionario e laboral.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesado/a , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado e/ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (nome, apelidos, DNI/NIF, N° da seguridade social, enderezo, teléfono, email, sinatura, sexo nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, económico, financeiro e de seguros, estado civil, data de nacemento sexo nacionalidade, domicilio postal mail,) circunstancias sociais, académicas e profesionais, detalles económicos, transaccións de bens e servizos, violencia de xánero, saúde , imaxe datos sanitarios e médicos .

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderáanse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia , seguridade social, entidades aseguradoras, outras organizacións públicas competentes na materia , instituto nacional de emprego e as empresas privadas que se contraten para colaboración e asesoramento nesta materia polo Concello de Boimorto.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes

na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizárase polos responsables do servizo de nóminas (funcionario e / ou persoal laboral encargados da súa confección e / ou supervisión).

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os traballadores responsables dos servizos de nóminas funcionario e / ou persoal laboral encargados da súa confección e / ou supervisión , serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter medio .

ANEXO I. FICHEIRO G

NOME DO FICHEIRO: “Tributos”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos necesarios para levar a contabilidade e fiscalidde do Concello para recadación tributaria e doutros ingresos de dereito público.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadaán, residentes e outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal .

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesado/a , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (DNI/NIF , N° seguridade cosial, nome apelidos, teléfono, data nacemento, sexo nacionalidade, domicilio postal e electrónico, circunstancias sociais, académicas, e profesionais , detalles do emprego , económicos, financeiros e de seguros transaccións de bens e infraccións administrativas)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderáanse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia , e a Deputación Provincial.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizárase polo responsable do servizo de tributos e ingresos de dereito público (tesoureiro municipal).

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

O responsable do servizo de tributos e outros ingresos de dereito público será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico .

ANEXO I. FICHEIRO H

NOME DO FICHEIRO: “ Contratación ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos persoais necesarios para levar a cabo as contratación do municipio.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Solicitantes para participar en procedementos de contratación e contratistas.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesado/a , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (DNI/NIF , N° teléfono, económicos, financeiros e de seguros , detalles do emprego académicos e profesionais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderáanse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia .

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter

persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo responsable da contratación (secretaría xeral) .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

O responsable da contratación será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico

ANEXO I. FICHEIRO I

NOME DO FICHEIRO: “ Contabilidade ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Elaborar unha base de datos de gastos e ingresos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Provedores e contratistas con esta administración acreedores e deudores por ingresos .

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesado/a , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal .

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais (DNI/NIF/CIF , nome a apelidos dos solicitantes, números de teléfono, enderezo , filiación , niveis de renda, lugar , horario e posto de traballo, número da seguridade social e conta bancaria , situación familiar, servizos solicitados, datos da unidade familiar e outros necesarios para poder ser receptor dos servizos do PAI.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderáanse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia así como o poder xudicial e a Excm. Diputación Provincial .

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo responsable da intervención .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

O responsable da intervención será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter medio

ANEXO I. FICHEIRO J

NOME DO FICHEIRO: “Padrón de habitantes ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión automatizada correspondente os obxetivos e fins propios do Padrón municipal de habitantes atribuídos pola normativa de poboación correspondente.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Toda a poboación municipal incluída no padrón.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa interesado/a , tanto en soporte papel coma informático ou electrónico, idirectamente dos afectados así como polos rexistros públicos correspondentes .

Os datos sempre serán proporcionados polo propio interesado ou o seu representante legal .

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos persoais cuxa inclusión e legalmetne preceptiva (nome e apelidos, domicilio, estado civil, data e lugar de nacemento, sexo nacionalidade, datos familiares DNI NIF nivel académico e demais preceptivos)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderáanse transmitir a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia así como o poder xudicial .

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Boimorto , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo responsable do padrón (secretaría) .

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

O responsable da secretaría será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico

**6.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2012
SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2012**

Pola necesidade de tramitación desta modificación para facer fronte a gastos de portas e ventás necesarias en inmobles municipais sométese pola Alcaldía a aceptación da urxencia deste punto sen dictaminar e acéptase por unanimidade con 11 votos a favor tódolos concelleiros dita urxencia procedendo á Secretaría á lectura da proposición relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN
DATA 28/06/2012**

Visto o expediente tramitado para a creación dunha partida para adquisición de portas e ventás para a obra de Vieites e porta para o polideportivo municipal creando a seguinte partida

A) Partida **16.627 Benestar comunitario inversión nova asociada o funcionamento operativo dos servizos proxectos complexos**

4.700€ Baixa por anulación da partida 15.62700 Infraestructuras de uso público ámbitos urbanos e rurais Praza da Gándara (baixa sobre a parte de aportación municipal).

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 25/06/2012.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2012

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sin dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica ,creando a seguinte partida :

Partida **16.627 Benestar comunitario inversión nova asociada o funcionamento operativo dos servizos proxectos complexos**

4.700€ Baixa por anulación da partida 15.62700 Infraestructuras de uso público ámbitos urbanos e rurais Praza da Gándara (baixa sobre a parte de aportación municipal).

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o aforro en gasto de depuración de auga .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto 25 de xuño de 2012

O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Explica a Alcaldía esta modificación para facer fronte a gastos de porta e ventás en Vieite e polideportivo e como tan so se quita unha parte da aportación municipal a obra da praza da Gándara (da que inda non se sabe se obterán subvención pola Xunta) para facer fronte a estes gastos.

Pregunta o concelleiro do grupo mixto pola contía desa aportación municipal á obra da Praza da Gándara di o Alcalde que mais ou menos 10.000€.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros de tódolos grupos municipais o Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica ,creando a seguinte partida :

Partida **16.627 Benestar comunitario inversión nova asociada o funcionamento operativo dos servizos proxectos complexos**

4.700€ Baixa por anulación da partida 15.62700 Infraestructuras de uso público ámbitos urbanos e rurais Praza da Gándara (baixa sobre a parte de aportación municipal).

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a compra de ditas portas e ventás .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

7.- PROPOSTA RATIFICACIÓN DO CONVENIO CO XACOBEO DE CESIÓN DE USO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO CONVENIO CO XACOBEO DE CESIÓN DO USO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS .

Visto o Convenio con entrada neste Concello nº 869 en data 18/06/2012 asinado entre esta Alcaldía e o Conselleiro delegado da S.A. De Xestión do Plan Xacobeo , no que o Concello asume a cesión do uso e explotación do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto durante 5 anos dende a sinatura do convenio baixo os condicionantes nel sinalados.

Considerando que e necesaria a apertura de dita obra pública , o desenvolvemento turístico deste Concello así como que o albergue de peregrinos sen lugar a dúbidas redundante e maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do Concello.

Propoño que o Pleno municipal acepte por unanimidade esta cesión de uso e adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do Convenio con entrada neste Concello nº 869 en data 18/06/2012 asinado entre esta Alcaldía e o Conselleiro delegado da S.A. De Xestión do Plan Xacobeo , no que o Concello asume a cesión do uso e explotación do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto durante 5 anos dende a sinatura do convenio baixo os condicionantes nel sinalados.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida a S.A.de xestión do Plan Xacobeo os efectos oportunos.

Boimorto 25 de xuño de 2012

O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Di o Alcalde que o albergue de peregrinos está acabado dende fai máis de medio ano e amueblado máis non se poñía en funcionamento pola Xunta polo que esta Alcaldía propuxo no Xacobeo que lle cederan o uso do albergue ó concello para a súa explotación e aceptaron e

instrumentalizouse a través dun Convenio. Continúa o Alcalde sinalando que preténdese a utilización de voluntariado que xa ten organizado para a posta en funcionamento do albergue ata novembro , que quere que dito centro sexa punto turístico da comarca e de Boimorto e que estase facendo un proxecto de xestión e funcionamento dando hoxe na Xunta de goberno licenza de actividade e nova licencia de obra a reformados de obra que inda non está recepciónada polo Xacobeo que indicou sería recepciónada o martes , recepción necesaria antes de empezar este concello a traballar.

Sinala o Alcalde que quere dedicarse o albergue non so o peregrino senon tamén a turismo rural considerando que pode ser rentable non economicamente para o concello senon para xerar economía no pobo , oferta turística en Boimorto e movemento económico importante para Boimorto.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con votos a favor ; 5 do concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e 1 do concelleiro do grupo mixto e con 5 abstencións dos concelleiros do grupomunicipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do Convenio con entrada neste Concello nº 869 en data 18/06/2012 asinado entre esta Alcaldía e o Conselleiro delegado da S.A. De Xestión do Plan Xacobeo , no que o Concello asume a cesión do uso e explotación do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto durante 5 anos dende a sinatura do convenio baixo os condicionantes nel sinalados.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida a S.A. de xestión do Plan Xacobeo os efectos oportunos.

8.- APROBACIÓN NOVO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente :

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE BOIMORTO.

Visto a necesidade de aprobación dun Regulamento de funcionamento do albergue de peregrinos de Boimorto.

Visto o informe de secretaria intervención de data 25/06/2012 a este expediente.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Sendo necesaria aprobación dun Regulamento de funcionamento do albergue , aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Boimorto o 25 de xuño de 2012

O Alcalde:

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez

ANEXO

.....

Sinala o Alcalde que este regulamento é necesario para a posta en funcionamento do albergue de peregrinos cumprindo con todo o requerido polo Xacobeo e regulando aspectos importantes para a súa posta en funcionamento.

Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se saben horario e como dar cobertura o tema nocturno e os límites de idade así como sinala a importancia da protección das camas liteiras .

Resposta o Alcalde que si que o horario para peregrinos está fixado e para o resto será por decreto, remite á lectura da Secretaría do regulamento en relación coa necesidade de acompañantes cos menores e di que terá en conta o das proteccións .

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor dos 11 concelleiros de tódolos grupos municipais o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Sendo necesaria aprobación dun Regulamento de funcionamento do albergue , aprobar o Regulamento anexo a seguinte proposta .

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO/S SERVIZO/S DE ALOXAMENTO DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO E DO ALBERGUE.

Exposición de motivos:

O artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala como competencia propia dos municipios o exercicio das actividades ou instalacións culturais e de turismo.

Debido ó auxe que nos últimos anos experimentou o Camiño de Santiago e a cantidade de peregrinos que o emprenden, e con máis intensidade nos Anos Xacobeo, é necesario aumentar os servizos de aloxamento dos peregrinos e regular o funcionamento do albergue cuxo uso foi cedido pola S.A. , de Xestión do Plan Xacobeo .

Na etapa 32 Sobrado dos Monxes – Arzúa, os albergues de peregrinos quédanse escasos, sendo esta unha das principais dificultades deste tramo. Por esta razón, Boimorto ofrecerá aloxamento ós peregrinos que desexen aloxarse neste punto do Camiño Norte de Santiago.

Para que o funcionamento dos servizos de aloxamento sexa ordenado e permita unha máxima e óptima utilización do albergue, elabórase este Regulamento de Funcionamento interno.

O albergue cedido en uso a este Concello pola S. A. , de Xestión do Plan Xacobeo pode destinarse ademais de albergue de peregrinos no marco do Convenio asinado con esta sociedade, para outros fins como potenciación do turismo rural, museos simposios, congresos, xornadas exposicións e calquera outra actividade que redunde nos intereses xerais dos veciños.

TITULO 1

Servizo/s no albergue para os peregrinos

Artigo 1. Ocupación

1.1.- Poderán utiliza-los servizos de aloxamento ofertados polo Concello de Boimorto sen prexuízo das normas específicas recollidas neste regulamento, no caso de uso do Polideportivo Municipal por grupos grandes de peregrinos, tódalas persoas que acodan en peregrinación a Santiago de Compostela.

1.2.- A orde de prelación para a ocupación do aloxamento será a que se establece a seguir tendo en conta a prioridade absoluta do peregrino na entrada ó albergue respecto a outros turistas e usuarios non peregrinos:

- a) Os peregrinos de a pé ou con limitacións físicas.
- b) Os peregrinos a cabalo.
- c) Os peregrinos en bicicleta
- d) As persoas que viaxen en coches de apoio.

1.3.- As prazas ocuparanse ao chegaren os peregrinos aos albergues, sen que en ningún caso se admita a posibilidade de realizar reservas previas.

Artigo 2. Forma de acceso e Prezo público

2.1.- As prazas se ocuparán a medida que os peregrinos vaian chegando, sen reserva previa, salvo no caso de uso do Polideportivo, previa sinatura da solicitude de acceso e pago do prezo público, obtendo entrada que habilita o uso dos servizos de aloxamento.

2.2.- Conforme a normativa de protección de datos de carácter persoal os datos da solicitude de acceso asinada polo/s a/s usuarios/as trataranse de conformidade co establecido no regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal no apartado actividade culturais.

2.3.- Os prezos públicos polos servizos do albergue ó peregrino adoptaranse en acordo municipal plenario nº 19.

Artigo 3. Horarios de funcionamento

3.1.- A estadía do aloxamento será dunha soa noite para peregrinos, e soamente se poderá facer excepción en casos de enfermidade ou outra causa de forza maior.

3.2.- O aloxamento temporal no albergue da Telleira para peregrinos (para o Polideportivo existen normas específicas recollidas neste Regulamento). Os horarios serán fixados por decreto da Alcaldía.

TITULO 2

Servizo de aloxamento no polideportivo para peregrinos.

Artigo 5. Normativa específica para a utilización do Polideportivo polos grupos de peregrinos

5.1.- Unicamente poderán facer noite nas instalacións do Polideportivo aqueles grupos ou colectivos de peregrinos organizados que fagan o Camiño de Santiago e presenten por escrito solicitude para pernoctar na instalación coa antelación suficiente para que o Concello poida confirmarllelo tamén por escrito: 15 días aproximadamente.

5.2.- Cada grupo ou colectivo de peregrinos debe ter un encargado que virá debidamente acreditado, en todo momento será éste quen deba porse en contacto co Concello e será o seu interlocutor válido.

A solicitude que o grupo curse ao Concello para facer noite no Pavillón debe ir acompañada dunha fotocopia do DNI do representante do colectivo, para a súa posterior identificación, no caso de que a última hora se faga un cambio de encargado debe ser comunicado ao Concello por medio dun fax que o contemple, e se acompañe do DNI do novo representante.

5.3.- A aprobación das peticións será por rigurosa orde de data de entrada do documento de solicitude no Concello.

5.4.- No Polideportivo haberá unha persoa do/s servizo/s municipais encargada de recibir ao colectivo, que solicitará ao responsable do grupo o seu DNI e o documento que demostre que a súa petición foi aprobada polo Concello para poder facer noite no Polideportivo nesa data, no caso que non presente o escrito de aprobación da súa solicitude, o grupo non terá acceso ás instalacións (de non obterse exención será necesario o pago de taxa en aplicación da ordenanza fiscal nº 10 do Concello de Boimorto)

5.5.- O horario de recepción no Polideportivo será as 20 horas, se a esa hora se está desenvolvendo calquera actividade deportiva dentro do mesmo, indicaraselle ao responsable do grupo a que hora poderán acceder ás instalacións. Poderán deixar os seus enseres no Polideportivo nun lugar onde non interrompan as actividades que se estean

desenvolvendo. Unha vez deixen os enseres disporán de tempo libre, e ás 23 horas deben estar no polideportivo xa que pecharanse as portas.

Ao encargado do grupo entregaráselle unha chave da porta de saída por se ao longo da noite se produce algunha urxencia e deben saír da instalación; indicaráselle que só se permite o uso dela, se é realmente imprescindible, do contrario, no poderán abandonar as instalacións por cuestión de seguridade. Trala saída entregarase a chave nas oficinas municipais do Concello de Boimorto.

TITULO 3

Normas comúns no uso do Albergue da Telleira

Artigo 6. Condicións de aloxamento

O albergue permanecerá aberto todos os días do ano en réxime de aloxamento con almorzo cunha oferta de 34 camas repartidas en varias habitacións contando con adaptación para minusválidos nunha das habitacións, e unha cama a maiores para o persoal do servizo.

O servizo mínimo a prestar nas habitacións comprende colchón con funda e protector e almofada con funda. De querer servizo opcional de edredón nórdico e sábana baixeira, así como toallas aplicarase un incremento do prezo público por aloxamento.

O albergue está adaptado para uso por persoas con discapacidade.

Artigo 7. Servizos

Son **servizos xerais do albergue**:

- Recepción
- Limpeza
- Mantemento do edificio
- Calefacción

Son **servizos de uso exclusivo para quenes estén aloxados** no albergue:

- Teléfono
- Mobiliario para comedor
- Internet
- Servizo de animación e turismo activo
- TV en zonas comúns
- Botiquín de primeiros auxilios con materiais suficientes para poder atender os casos de accidentes máis frecuentes.
- Consigna
- Servizo de catering de almorzo, comida e/ou cea se hai demanda
- Máquinas automáticas de bebidas e sólidos
- Servizo de lavandería
- Servizo de alquiler de toallas e nórdicos
- Servizo de xogos de mesa
- Información sobre recursos turísticos da comarca

- Prensa diaria e revistas
- Taboleiro informativo sito en lugar visible con información oficial e de interese xeral
- Buzón de suxerencias

Artigo 8. Normas de admisión

O albergue sito na Telleira Boimorto está aberto á poboación en xeral dando sempre prioridade ó aloxamento de peregrino, podendo ser utilizado por colectivos ou individualmente por persoas de tódalas idades, culturas, nacionalidades e intereses.

O persoal do albergue non actuará de forma discriminatoria por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O albergue excepcionalmente e sempre respectando os dereitos de acceso de peregrinos se reservará o dereito de admisión en beneficio de outros colectivos para a realización de determinados eventos.

A asignación de camas ás unidades familiares estará supeditada as circunstancias concurrentes en cada caso.

Os menores de idade deberán ir acompañados, ou, no seu defecto, presentar a correspondente autorización de pai/ nai / titor/a.

Se o día de chegada se prevé a entrada no albergue máis tarde das 15.00 horas deberáse avisar na recepción.

Artigo 9. Prezos

Os prezos públicos pola estancia, en réxime de aloxamento aprobaranse anualmente xunto cos dos servizos sinalados no artigo 7 por acordo da Xunta de goberno local.

Os prezos públicos para peregrinos recóllense en acordo plenario municipal nº 19.

Artigo 10. Condicións das reservas

As reservas realizáranse por número de prazas ou camas, non por tipo de habitación.

A atribución de prazas e dormitorios realizarase tendo en conta a mellor organizaicón, distribución e aproveitamento do establecemento para o maior número de persoas.

A cada ocupante con independencia da súa idade seralle asignada unha cama.

Enténdese por reserva previa a realizada con antelación máxima dun mes antes da data prevista de ocupación, tendo que aboarse por adiantado o 20% do prezo total das prazas reservadas, e só procederá a devolución cando por causas non imputables a persoa obrigada o pago do prezo o servizo non se preste, debendo ser solicitado e xustificado por quen realice o pago. O 80% restante aboarase a súa chegada o albergue. No primeiro caso debarase enviar copia do resguardo de ingreso o propio albergue.

Admitiránse alberguitas sen reserva previa sempre que existan prazas dispoñibles.

En datas determinadas do ano poderán establecerse condicións específicas de reserva anticipada.

Toda a información que se obteña estará suxeita á normativa sobre protección de datos de carácter persoal segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento municipal desta protección de datos baixo as condicións do ficheiro actividades culturais.

Se a reserva é por grupos, considérase grupo ou colectivo constituído por 10 ou máis persoas.

Para a utilización do albergue xuvenil por grupos, conforme a definición anterior, é imprescindible reserva previa que conterá a seguinte información:

- Datas de ocupación indicando data de chegada e da saída
- N° de persoas indicando quenes son acompañantes, idades e sexo.
- Solicitude de servizos específicos fóra do aloxamento con almorzo.

Os grupos constituídos por menores de idade deberán estar a cargo dunha persoa adulta na proporción de alomenos unha por cada vinte menores. Se a idade de quenes compoñen o grupo fora menor de seis anos dita proporción incrementará alomenos a unha persoa adulta por cada dez.

Poderánse efectuar modificacións cunha semana de antelación. Non se admitirán reducións superiores ao 10% sobre o total das prazas reservadas.

Ao fronte de todo o grupo deberá existir unha persoa responsable quen facilitará unha lista dos seus membros ao incorporarse no albergue contendo nome, apelidos e DNI.

Artigo 11. Límite temporal da estancia

A estancia no albergue xuvenil limitarase a sete pernoctacións consecutivas, podendo prorrogarse se fose posible en función do grado de ocupación da instalación. Ditas solicitudes poderán ser rexeitadas polo albergue se existen razóns que o motiven.

Esta limitación temporal non se aplicará a aqueles usen o albergue no marco de actividades organizadas polo propio Concello de Boimorto.

TITULO 4

Normas de convivencia

Artigo 12. Normas xerais de convivencia

As persoas que se aloxen no albergue deberán coidar as normas sociais de convivencia e hixiene persoal.

De conformidade coa Lei 28/2005 de 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e da Lei 5/2002 de 27 de xuño de drogodependencias e outros transtornos adictivos non está permitido fumar no albergue nin ter, consumir ou traficar con bebidas alcohólicas ou outras drogas.

Con carácter xeral non se admitirán visitas a alberguistas dentro das instalacións sen autorización expresa do albergue.

Non se admiten animais. Neste sentido terase en conta o Real Decreto 3250/1983 de 7 de decembro polo que se regula o uso de perros guía para deficientes visuais. As persoas aloxadas deberán comunicar as anomalías de funcionamento, roturas, deficiencias das instalacións que observen de acordo co modelo que se lles facilitará na recepción.

Artigo 13. Uso das habitacións

As habitacións destinaranse ao uso exclusivo de descanso de alberguistas, sen que por razóns de hixiene e salubridade nos dormitorios se poidan tomar bebidas alcohólicas nin preparar ou efectuar comidas.

Igualmente non se poden celebrar nelas festas, nin convivencias posto que existe sala dotada para isto.

Con carácter xeral os dormitorios serán separados para persoas de distinto sexo, Os que así o soliciten poderán compartir dormitorio con independencia do sexo, sempre que a disponibilidad do albergue o permita en función do carácter múltiple das súas habitacións.

Por razóns de seguridade está totalmente prohibido o uso de fornos, estufas ou aparatos eléctricos ou de gas, salvo autorización expresa do albergue.

As persoas aloxadas farán a cama e arranxo da habitación nos horarios marcados. Non se permite variar a disposición dos mobles ou decoración, nin colgar ou pegar nada nas súas paredes. Non se pode utilizar material do albergue para festas que organicen os grupos.

Respectarase o horario marcado en recepción para limpeza das habitacións.

O albergue, e como xestor do mesmo, o Concello de Boimorto non se fai cargo das substaraccións ou perdas de obxetos.

Cada alberguista deberá ter sumo coidado co mobiliario da súa habitación sendo responsable de cantos desperfectos lle sexan imputables. No suposto de observar algún desperfecto valorarase economicamente e deberase aboar o importe cuantificado non inventario.

Artigo 14. Uso das habitacións

Para o uso das zonas comúns (sala-comedor, sala de star, corredores, lavandería ...) , estarase en canto ao seu horario de utilizaicón e tipoloxía, ao establecido no albergue, fixando os horarios de uso considerando as capacidades, así como, os horarios de traballo do persoal de obrigada presenza. A tal efecto o albergue disporá dun taboleiro informativo ubicado nun lugar visible no que se informará de horarios e normas sobre uso de zonas comúns.

A celebración de festas e convivencias nas zonas comúns ten que autorizarse polo albergue.

A sala destinada a comedor e cociña do albergue poderá usarse para a preparación de comida por quen así o desexe e polos seus propios medios, debendo tralo seu uso limpar e deixar as dependencias en bo estado de uso.

Artigo 15. Horarios

Fixaranse por decreto da Alcaldía que será publicado en taboleiro informativo no albergue.

Artigo 16 Calidade do servizo

Entregaranse facturas con conceptos polo prezos públicos.

Realizaráanse enquisas de satisfacción do servizo.

Estará a dispoñibilidade dos usuarios un libro de suxerencias e queixas con follas oficiais de reclamacións.

Contestaranse as suxerencias e queixas formuladas.

Informarase trimestralmente da avaliación da calidade do servizo en función das enquisas realizadas.

Artigo 17 Incumprimento

O incumprimento das normas sinaladas neste regulamento por aqueles que se aloxen no albergue conleva a obriga de abandono inmediato do mesmo.

Disposición Derrogatoria

Queda derrogado o Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto publicado no BOP nº 122 de data 30/06/2010.

Disposición Final.

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e pasado o prazo sinalado no artigo 70.2 da LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

9.- MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola necesidade de adaptación da normativa municipal de prezos públicos de peregrinos e sistema de determinación de prezos públicos para o albergue sométese pola Alcaldía a aceptación da urxencia deste punto sen dictaminar e acéptase por unanimidade con 11 votos a favor tódolos concelleiros dita urxencia procedendo á Secretaría á lectura da proposición relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL Nº 19 REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO/S SERVIZO/S DO ALOXAMENTO DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Visto a necesidade de adaptación do acordo municipal nº 19 regulador do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto para subir o prezo dos peregrinos a 5€ así como para determinar o sistema para concretar prezos públicos polos servizos que serán prestados no albergue para fomento do turismo rural e outras actividades.

Visto expediente tramitado para a aprobación destas modificacións no acordo antedito. Visto informe de secretaría de data 25/06/2012 .

Propoño previa aceptación da urxencia deste acordo sen dictaminar pola Comisión informativa por non estar listo o expediente para dito dictame e ante as necesidades de adaptación á normativa vixente, que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal nº 19 regulador do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto para subir o prezo dos peregrinos a 5€ así como para determinar o sistema para concretar prezos públicos polos servizos que serán prestados no albergue para fomento do turismo rural e outras actividades, aprobar a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- Procédase a inserir no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiros de edictos do Concello esta modificación para a súa entrada en vigor.

ANEXO

.....

Di o Alcalde que o prezo pasa para peregrinos de 3€ a 5€ e que do que se recaude anualmente no albergue un tercio será para a Xunta e 2/3 para o Concello do que se recaude por turismo rural e outras actividades no albergue non hai que dar nada .

Se máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros de tódolos grupos municipais o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal nº 19 regulador do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto para subir o prezo dos peregrinos a 5€ así como para determinar o sistema para concretar prezos públicos polos servizos que serán prestados no albergue para fomento do turismo rural e outras actividades, aprobar a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposición.

SEGUNDO.- Procédase a inserir no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiros de edictos do Concello esta modificación para a súa entrada en vigor.

ANEXO

MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL Nº 19 REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO/S SERVIZO/S DO ALOXAMENTO DE PEREGRINOS NO CONCELLO DE BOIMORTO ASI COMO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA OS SERVIZO/S DE ALOXAMENTO NO ALBERGUE PARA USUARIOS NON PEREGRINOS.

1.- CONCEPTO:

De conformidade co previsto no artigo 127, (en relación có Capítulo 6 do Título 1 artigos 41 a 47 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola utilización do/s servizo/s de aloxamento de peregrinos ofertados polo Concello de Boimorto, especificado a súa contía no artigo 3, prezo público que se rexerá pola presente

normativa así como o establecemento por acordo da Xunta de goberno local anual dos prezos públicos polos servizos do albergue determinados en Regulamento de funcionamento en relación con fomento do turismo rural para cada un dos servizos relacionados có albergue e o fomento do turismo rural en Boimorto.

A/s condición/s de prestación do/s servizo/s de aloxamento rexeráse polo Regulamento de funcionamento deste servizo.

2.- OBRIGADOS Ó PAGO:

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que sexan usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello relacionadas có aloxamento e pernocta de **peregrinos ou usuarios do albergue.**

3.- CONTÍA

A contía do prezo público regulado neste acordo será de 5€ por usuario e noite para peregrinos .

Os servizos do albergue determinados en Regulamento de funcionamento en relación con fomento do turismo rural permitirán o establecemento de prezos públicos aprobados por acordo da Xunta de goberno local anualmente para cada un dos servizos relacionados có albergue e o fomento do turismo rural en Boimorto.

4.- OBRIGAS DE PAGO:

A obriga de pago do prezo público nace dende que se preste o servizo e dicir no momento de autorización da entrada nos lugar de aloxamento (A Telleira), previa sinatura de solicitude (prevista no Regulamento de funcionamento do/s servizo/s de aloxamento) polo/a usuario/a , pagándose o prezo público, como réxime de administración e cobranza, coa retirada da oportuna autorización para a entrada .

O réxime específico de pago de servizos do albergue para usuarios non peregrinos adaptárase o establecido nas normas do taboleiro de anuncios do albergue en función dos servizos solicitados así como no regulamento de funcionamento deste servizo.

5.- EXENCIONS BONIFICACIONES

Non se prevén exencións nin bonificacións no presente acordo.

Disposición final.

O presente acordo que modifica o acordo municipal Nº 19 regulador do prezo público pola utilización dos servizos de aloxamento de peregrinos no Concello de Boimorto , entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse

a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

10.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS FACTURAS EJERCICIO 2011

Aceptada a urxencia deste punto sen dictaminar na orde do día por unanimidade con 11 votos a favor dos 11 concelleiros do Pleno de Boimorto de tódolos grupos municipais, pola secretaria procédese á lectura da proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<Visto o informe de intervención municipal de data 25/06/2012 coa correspondente nota de reparo .

Visto o estado de trámite do expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos de exercicios anteriores sendo necesario recoñecer pagos pendentes de aplicación e obrigas pendentes constatada a efectiva prestación de servizos e suministros por terceiros e conformadas as facturas polos responsables dos gastos .

Considerando que o artigo 60.2 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece que corresponderá o Pleno da Entidade o recoñecemento extrajudicial de créditos, se non existe consignación orzamentaria e que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais (R.D. Leg. 2/2004, de 5 de marzo), atribúe o Pleno a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando estos se basen na insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Advertido por intervención da posible falta de credito futuro en partidas do exercicio 2012 de suministros eléctricos ó imputarse as do exercicio 2011 que se indican nese informe .

Por la presente se propón ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

UNICO.- Aprobar recoñecemento extrajudicial de créditos de exercicios anteriores en relación con estas facturas:

Nº. factura/ Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
590/2011 / 14-12-2011	Naveira y Suárez, S.L. B-15656242	Carbón vexetal magosto 2011	60,18 €
03111110003754/ 03-11-2011	Unión Fenosa Comercial, S.L. / B-82207275	Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 01-09-2011/01-11-2011	6.732,15 €
03111110140771/ 15-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 01-11-2011/11-11-2011	1.042,47 €
03111210220136/ 23-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 11-11-2011/16-12/2011	3.305,23 €
03110310342228/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica casa consistorial período 28-01-2011/30-03-2011	824,30 €
03111010031254/ 06-10-2011		Subministro de enerxía eléctrica casa consistorial período 12-08-2011/04-10-2011	416,65 €
03111210168804/		Subministro de enerxía eléctrica	

19-12-2011		casa consistorial período 04-10-2011/14-12-2011	663,40 €
03110410089287/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara período 01-02-2011/31-03-2011	1.014,95 €
03111010152737/ 18-10-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara período 01-09-2011/04-10-2011	733,71 €
03111210235835/ 24-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara período 04-10-2011/14-12-2011	614,76 €
03110410083525/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 02-03-2011/04-04-2011	76,37 €
03111110066677/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 04-07-2011/01-11-2011	193,74 €
03111110175730/ 18-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 01-11-2011/11-11-2011	1.902,04 €
03111210212484/ 22-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 11-11-2011/16-12-2011	80,59 €
03110410068844/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 02-03-2011/31-03-2011	983,34 €
03111110070419/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 02-03-2011/31-03-2011	181,70 €
03111110149448/ 16-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 01-11-2011/11-11-2011	1.860,28 €
03110410068842/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 02-03-2011/04-04-2011	379,52 €
03111110148982/ 15-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 01-11-2011/11-11-2011	327,65 €
03111210207311/ 22-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 11-11-2011/16-12-2011	231,85 €
03110410077558/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 02-03-2011/04-04-2011	566,86 €
03111110064691/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 01-09-2011/01-11-2011	216,45 €
03111110149410/ 16-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 01-11-2011/11-11-2011	791,00 €
03110650006038/ 23-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 03-05-2011/06-06-2011	510,93 €
01111211967802/ 21-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica cámara agraria local 05-10-2011/15-12-2011	10,49 €
Relación mes de	Gas Natural S.U.R. SDG,	Subministro de enerxía eléctrica	

outubro 2011	S.A./A-65067332	alumeado público outubro 2011	4.184,72 €
Relación mes de novembro 2011		Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias outubro 2011	651,14 €
		Subministro de enerxía eléctrica Alumeado público novembro 2011	1.234,78 €
Relación mes de decembro 2011		Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias novembro 2011	617,43 €
☐		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público decembro 2011	5.831,28 €
		Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias decembro 2011	412,31 €

resolvendo, así mesmo, a nota de reparo formulada pola secretaría intervención.>>>

Di o Alcalde que estas facturas do exercicio 2011 como se ve no seu rexistro chegaron tarde, mal e arrastro no 2012 que xa se sacaron ás domiciliacións con Fenosa que non permitían un control destas facturas e se falou coa suministradora para resolver problemas coa facturación .

Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP se o Concello está en morosidade.

Resposta o Alcalde que non e dalle a palabra á secretaría que di que acordouse anulación de facturas coa suministradora que estaban mal emitidas por emitirse como domiciliadas e non poden pagarse ata estar correxidas.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros de tódolos grupos municipais do Pleno éste **ACORDOU:**

UNICO.- Aprobar recoñecemento extraxudicial de créditos de exercicios anteriores en relación con estas facturas:

Nº. factura/ Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
590/2011 / 14-12-2011	Naveira y Suárez, S.L. B-15656242	Carbón vexetal magosto 2011	60,18 €
03111110003754/ 03-11-2011	Unión Fenosa Comercial, S.L. / B-82207275	Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 01-09-2011/01-11-2011	6.732,15 €
03111110140771/ 15-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 01-11-2011/11-11-2011	1.042,47 €
03111210220136/ 23-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica estación potabilizadora período 11-11-2011/16-12/2011	3.305,23 €
03110310342228/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica casa consistorial período 28-01-2011/30-03-2011	824,30 €
03111010031254/ 06-10-2011		Subministro de enerxía eléctrica casa consistorial período 12-08-2011/04-10-2011	416,65 €
03111210168804/ 19-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica casa consistorial período 04-10-2011/14-12-2011	663,40 €
03110410089287/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara período 01-02-2011/31-03-2011	1.014,95 €
03111010152737/ 18-10-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara período 01-09-2011/04-10-2011	733,71 €

03111210235835/ 24-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Gándara périodo 04-10-2011/14-12-2011	
03110410083525/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 02-03-2011/04-04-2011	614,76 €
03111110066677/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 04-07-2011/01-11-2011	76,37 €
03111110175730/ 18-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 01-11-2011/11-11-2011	193,74 €
03111210212484/ 22-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica piscina municipal período 11-11-2011/16-12-2011	1.902,04 €
03110410068844/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 02-03-2011/31-03-2011	80,59 €
03111110070419/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 02-03-2011/31-03-2011	983,34 €
03111110149448/ 16-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica grupo escolar período 01-11-2011/11-11-2011	181,70 €
03110410068842/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 02-03-2011/04-04-2011	1.860,28 €
03111110148982/ 15-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 01-11-2011/11-11-2011	379,52 €
03111210207311/ 22-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica Polideportivo período 11-11-2011/16-12-2011	327,65 €
03110410077558/ 24-04-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 02-03-2011/04-04-2011	231,85 €
03111110064691/ 09-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 01-09-2011/01-11-2011	566,86 €
03111110149410/ 16-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 01-11-2011/11-11-2011	216,45 €
03110650006038/ 23-11-2011		Subministro de enerxía eléctrica campo de fútbol período 03-05-2011/06-06-2011	791,00 €
01111211967802/ 21-12-2011		Subministro de enerxía eléctrica cámara agraria local 05-10-2011/15-12-2011	510,93 € 10,49 €
Relación mes de outubro 2011	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./A-65067332	Subministro de enerxía eléctrica alumeado público outubro 2011	4.184,72 €
Relación mes de novembro 2011		Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias outubro 2011	651,14 €
		Subministro de enerxía eléctrica Alumeado público novembro 2011	1.234,78 €
		Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias novembro 2011	617,43 €
Relación mes de		Subministro de enerxía eléctrica	

decembro 2011 <input type="checkbox"/>		alumeado público decembro 2011 Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias decembro 2011	5.831,28 € 412,31 €
---	--	--	----------------------------

resolvendo, así mesmo, a nota de reparo formulada pola secretaría

11.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 24/04/2012 e 25/06/2012, números 106 a 176.

Pregunta o Alcalde en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non incluído na orde do día.

O concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro, di que ten unha moción para modificar o orzamento municipal e dar subvencións as diferentes asociacións veciñais pola súa labor social e cultural. Prospera a urxencia da moción con maioría absoluta 6 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto e coa abstención dos cinco concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE.

O concelleiro do grupo municipal D. Gonzalo Concheiro expón:

“MOCIÓN MODIFICACIÓN DE PARTIDAS

Debido a supresión no presuposto do ano 2012 partidas para axudas as distintas asociacións do Concello de Boimorto, como poden ser dúas asociacións (das máis emblemáticas do Concello como son CF Boimorto e A.F. Santiaguíños de Boimorto), aínda que hai máis asociacións, como pode ser, a do rápido de Dorméa, etc.

O C.F. Bomorto temos que destacar que é unha asociación que fomenta e instaure mecanismos para promover os nosos xóvenes a practicar deporte e permiten mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Polas devanditas razóns, como veceiro do PP do concello de Boimorto, someto á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Modificar partidas presupostarias e axudar na medida que se poida ás asociacións que soliciten subvencións.”

Expón o Alcalde que cando se fixo o orzamento ante a situación de crise actual e como fixeron o resto de administracións públicas deuse preferencia a outros gastos, máis mantendo axudas non económicas como subvencións pero si de mantemento e apoio ás asociacións. En relación co clube de fútbol sinala que o Concello paga uns 700 € mensuais en alumeado do campo de fútbol máis o mantemento do mesmo que se propuxo sexa collido polo equipo xa que entón si podería darse subvención, mentres o Concello gaste unha media anual de entre 12 e 15.000 € non se considera oportuno dar máis en subvención. En relación cos Santiaguíños permíteselle o uso de 6 locais mantidos polo Concello para o desenvolvemento das súas actividades, preparouse o local de fronte do Concello para a súa actividade de baile, di que as asociacións están atendidas polo Concello que mantén os seus locais e lles presta apoio, continúa sinalando que non parece adecuado dar subvencións neste momento para comidas, que nin o Concello organizou a comida dos maiores pola crise inda que a Xunta sí, que quere ser coherente e manter outras subvencións como emerxencia social, natalidade ou transporte escolar así como

promoción do emprego. Que todo é importante máis non se deixou de axudar a ditas asociacións.

Sometida a moción a votación nunha primeira votación hai empate con 5 votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco en contra dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e a abstención do concelleiro do grupo mixto, rexeitándose a adopción do acordo proposto na moción nunha segunda votación con 6 votos en contra; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do grupo mixto e cinco votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro que pregunta á Alcaldía se tiveron en conta para a posta en marcha do albergue o consumo de auga polas duchas diarias.

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Antonio Costoya que roga que se de conta á oposición dos ingresos e gastos trimestrais en relación coa Miniresidencia, e que deixe de darse o servizo de comedor neste centro ós familiares por 4,5 € para que os visitantes usen a hostelería do concello.

Continúa este concelleiro rogando que non se diga que o grupo municipal do PP está en contra da planta de biomasa en Boimorto xa que non están en contra senón a favor de aumentar empresas e traballo. Solicita, sinalando que así o fai en tódolos Plenos, a limpeza das beirarrúas de Arceo, e o acondicionamento e mantemento do campo de fútbol e do parque nesta parroquia municipal ante o seu lamentable estado, así como roga que se poña un punto de luz no cruce do traxecto dende a casa de Manuel Rúa cruce con Manuel de Roxo, xa que hai perigo de atropelo e que se poña outro punto de luz no cruce que vai dende os Guerras ata Vilaverde segundo fotografías que aporta á Alcaldía .

A continuación o Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Elisardo Montero que roga arranxo con asfalto na pista do Cando de Dorneá.

Solicita a súa intervención ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que é autorizada polo Alcalde, e pregunta polo arranxo na Ponte de Brates de baches e barandilla.

Tras escoitar os rogos e preguntas indicados a Alcaldía comeza a súas respostas a estas intervencións, sinalando, en relación co arranxo de pistas e camiños solicitado por D. Xosé Luís Rivas e Elisardo Montero, que vanse executar obras do POS e determinar un plan de bacheo en todo o Concello, sobre a Ponte Brates di que o Concello de Boimorto bacheará e que falou con Miguel Alcalde de Frades, para que este se encargue do arranxo das barandillas.

En relación coa posible escasez de auga advertida polo concelleiro do grupo municipal do PP, D. Gonzalo Concheiro, pola posta en marcha do albergue recórdalle, o alcalde, que xestionou a compra de dúas fincas para maior captación de auga para o abastecemento de Boimorto, que permitirán frenar unha posible carencia, tamén di que se vai comprar unha máquina para a detección de fugas e roubos da auga e que paguen tódolos veciños polo seu consumo, a, que polos cálculos que ten feito, ingresamos en función dun consumo de 230 m³ diarios máis o consumo real elévase a 500m³, xa, que o depósito de Andabao nos meses de verán vaciase na fin de semana , di que hai que correxir estas fugas e regular e controlar os contadores. Pregunta o concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro, autorizado pola Alcaldía, se teñen en conta para o albergue o consumo de auga quente, resposta o Alcalde que si e que dito albergue ten placas solares e que espera alcanzar consumos altos xa que iso beneficiaría o pobo e os comerciantes, di o Alcalde que a compra de parcelas para maior captación de auga suporán uns 180m³ máis

diarios, o concelleiro D. Xosé Luís Rivas sinala que hai que investigar e concienciar á xente no consumo da auga.

En relación á solicitude de dación de conta de gastos e ingresos da Residencia, di o Alcalde que leva 3 meses funcionando e espera en xullo sacar información. Roga ó concelleiro do grupo mixto D.Xosé Luís Rivas que se faga unha reunión con tódolos grupos. Di o Alcalde que agora a residencia está chea, que hai xa lista de espera e no centro de día dous usuarios e a partir de agora poden darse ben os datos, que en xullo se explicarán os datos económicos ós portavoces dos grupos municipais e como está funcionando, adiantando que a única carencia que ten é a dos servizos médicos do que sabe o concelleiro que está aquí, dirixíndose o concelleiro D. Gonzalo Concheiro, pero no resto todo ben, indica que o venres da semana anterior fíxose unha reunión con tódolos familiares dos residentes e estes puxeron o servizo nun pedestal.

Sobre a oferta de menú na residencia para os familiares a 4,5€ e o rogo en relación a paralización deste servizo polo concelleiro do PP D. Antonio Costoya di o Alcalde que debería ler o que vota nos plenos, que a memoria económica da Miniresidencia que foi aprobada por unanimidade xa prevía este servizo de comedor para familiares, servizo que agradecen. Continúa o Alcalde dirixíndose a D. Antonio Costoya para dicirlle que o comercio de Boimorto ten que espabilar para atender á xente que o equipo de goberno trae con estes servizos, os familiares veñen e votan moitas horas en Boimorto e se o comercio non é capaz de captalos non é problema do equipo de goberno .

En relación co rogo de D. Antonio Costoya de que non se diga que o seu grupo municipal está en contra da planta de biomasa en Boimorto, dille o Alcalde que lle molesta que diga que non están en contra do ben do Concello, que votaron neste pleno en contra da aceptación da cesión pola Xunta ó Concello do albergue, sen quedar clara entón a postura do grupo municipal do PP en relación co albergue, e agora sinta mal que diga que apoian a instalación da planta de biomasa xa que é un proxecto real que se non está feito aínda e pola dependencia agora dos trámites na Xunta, que se conseguiron inversores, presentouse proxecto en industria e agora hai que esperar máis, sabe que un compañeiro deles (di dirixíndose o grupo municipal do PP) foi a preguntar á Xunta pola planta, non para impulsala senón para ver se existían problemas, o que reprocha o Alcalde sinalando que este proxecto crearía 33 postos de traballo directos e supón unha gran inversión a executar en dous anos; respecto da que o PP de Boimorto, polo que a Alcaldía soubo, está en contra, xa que senón irían á Xunta a pedir que saia para diante, pide o Alcalde que fagan isto aínda que despois o vendan por aí, e poñan o traxe para a inauguración, que en relación con este tipo de proxectos para Boimorto teñen que estar todos os grupos unidos, que non interesa o partidismo senón o crecemento de Boimorto, que non hai Concello na volta que teña isto e se non se fai e polos amigos do grupo do PP. Remata esta intervención a Alcaldía solicitando á Secretaría que conste en acta que como di Feijoo o equipo de goberno do Concello de Boimorto ten os deberes feitos e pide que Feijoo os aprobe; que leva dous meses solicitándolle cita para falar da Biomasa e dun Festival cultural que pronto se anunciará e o Presidente da Xunta desviouno a urbanismo, sen saber que a Alcaldía non quería cartos senón apoio o desenvolvemento e o crecemento para situar a Boimorto en Galicia e en España.

Sobre o rogo do concelleiro do PP, D. Antonio Costoya, en relación coas aceras de Arceo, di a Alcaldía que o ve moi ilusionado e con madeira de fotógrafo, que tivo que baixar o 5% dos salarios dos traballadores do Concello, non acudiu a crédito a longo prazo estando o Concello saneado aínda que o PP diga que non, o que está claro cando ten liquidez ata para facturas de anos anteriores que chegaron neste como se veu neste Pleno, que sobre poñer máis puntos de alumeado, o Concello gasta uns 70.000€ en alumeado público anuais tendo outros servizos máis importantes, sobre a limpeza das aceras de Arceo dille que vaia a pedilo á deputación

propietaria da carretera e que non cedeu as beirarrúas ó concello que fai limpeza e cando ten tempo e de boa fe.

En relación co rogo de D. Antonio Costoya de mellora do campo de fútbol de Arceo, di o Alcalde que o arranxaron fai uns cinco anos e quedou perfecto, mais tan só se utilizou o día da festa e nada máis, e se pretende limpeza todos os días para algo que non se usa xa lle di que non.

En relación co mantemento da área recreativa que pide o mesmo concelleiro di o Alcalde que nesta próxima semana comenzarán limpezas destas áreas e bacheos.

Remata a Alcaldía dicindo que contestados tódolos rogos e preguntas formulados polos concelleiros municipais, quere que conste, que tivo unha chamada dun amigo dos concelleiros do PP sinalando que non se deu conta antes da sinatura do Convenio co Concello de cesión do uso do albergue, de que existía un compromiso con persoas preparadas para entrar por unha empresa para xestionar o albergue, e que esta Alcaldía díxolle que lles puxera en coñecemento que se non teñen traballo que falen co Alcalde que baixo as mesmas condicións que o resto de veciños de Boimorto serán avisados para participar e poder acceder a traballar no albergue, sinala a Alcaldía que era necesario contar isto ante as críticas que recibe de meter os seus amigos, vendo que outros si que se moven para que entren os seus sen procesos selectivos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:22 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a vinte de xullo de dous mil doce.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez